

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

*RESOLUCIÓN do 15 de xaneiro de 2019, da Dirección Xeral de Inclusión Social, pola que se publica a Resolución do 3 de decembro de 2018 do procedemento BS631A de concesión de axudas a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020).*

A Consellería de Política Social convocou no ano 2018, a través da Orde do 13 de xuño de 2018 (DOG núm. 121, do 26 de xuño), as bases do procedemento de concesión de axudas ás entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2020 e Feder Galicia 2014-2020), DOG nº 121, do 25 de xuño de 2018.

Pola Resolución do 22 de outubro de 2018 resolveuse a convocatoria de axudas do procedemento BS631A de concesión de axudas a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede á súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020. Nesta resolución denegáronse solicitudes por insuficiencia de crédito.

Posteriormente ditouse a Orde do 29 de novembro de 2018 pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Orde do 13 de xuño de 2018. Tendo en conta este incremento de crédito, procedeuse a distribuír o crédito existente entre as entidades que non resultaron beneficiarias por insuficiencia de crédito, ditándose unha segunda resolución da convocatoria de axudas.

De conformidade co artigo 14 da antedita orde, a resolución dos expedientes de axudas corresponde, por delegación, ao director xeral de Inclusión Social.

As resolucións das solicitudes sometidas a un procedemento de concorrencia competitiva estarán motivadas e indicarán a puntuación acadada no proceso de valoración. Coa notificación ao beneficiario informarase das condicións da axuda, de conformidade co establecido nos artigos 125.3.c) e d), 125.4.a) e 67.6) do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no artigo 10 do Regu-



lamento de execución (UE) nº 1011/2014 da Comisión, do 22 de setembro de 2014, e no anexo III do Regulamento delegado (UE) nº 480/2014 da Comisión, do 3 de marzo.

No seu artigo 10 establece que os actos administrativos e a correspondentes resolución ditada no procedemento para a concesión de subvencións publicaranse no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

Polo exposto,

**RESOLVO:**

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do contido íntegro da Resolución do 3 de decembro de 2018, ditada no procedemento BS631A de concesión de axudas as entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social, que se xunta á presente resolución no anexo.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2019

Arturo Parrado Puente  
Director xeral de Inclusión Social

**ANEXO**

**Resolución do 3 de decembro de 2018, ditada no procedemento BS631A de concesión de axudas ás entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social**

**Antecedentes:**

1. Con data 30 de novembro de 2018, publicouse no DOG a Orde do 29 de novembro de 2018 pola que se fai público o incremento do crédito das axudas previstas na Orde do 13 de xuño de 2018 pola que se establecen as bases que rexen a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social para a promoción de actuacións de servizos sociais comunitarios e inclusión social e se procede a súa convocatoria para os anos 2018, 2019 e 2020 (cofinanciada parcialmente polo Fondo Social Europeo e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco dos programas operativos FSE Galicia 2014-2010 e Feder Galicia 2014.2020), de acordo co establecido no artigo 2.2 da Orde do 13 de xuño de 2018.

2. A Comisión de Valoración de Subvencións, reunida en segunda convocatoria, acordou proceder a unha segunda distribución de crédito entre as actuacións das tipoloxías 4.1.b) 2º



e 4.1 b) 3º que non acadaron financiamento por insuficiencia de crédito. Para iso, empregouse a relación ordenada por puntuación das actuacións susceptibles de ser baremadas na primeira reunión da Comisión de Valoración e empezou a asignarse o crédito na primeira actuación que quedou sen financiamento completo, seguindo a repartición por orde decrecente ata o seu esgotamento total.

3. Unha vez fiscalizado o gasto de conformidade pola Intervención Delegada, o director xeral de Inclusión Social, en virtude do artigo 14 e disposición derradeira primeira, resolveu a concesión das subvencións.

Por todo o anterior,

#### RESOLVO:

Primeiro. A concesión das subvencións solicitadas para as seguintes actuacións coas contías e motivos que se indican:

Actuacións singularizadas que constitúan a totalidade ou parte dun programa de carácter innovador e/ou complementario dos servizos sociais comunitarios básicos ou atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, incluíndo aquela dirixida de xeito exclusivo á poboación inmigrante (artigo 4.1.b):

a) Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (artigo 4.1.b) 2º), coa seguinte desagregación (relación anexo I).

b) Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante (artigo 4.1.b) 3º), coa seguinte desagregación (relación anexo II).

Segundo. As contías correspondentes ás actuacións do artigo 4.1.b) 2º e 4.1.b) 3º están subvencionadas nun 80 % polo FSE no programa operativo de Galicia 2014-2020, con encaixe no obxectivo temático 9, promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, prioridade de investimento 9.1, a inclusión activa, tamén con vistas a promover a igualdade de oportunidades, así como a participación activa e a mellora da posibilidade de encontrar un emprego, obxectivo específico 9.1.1, mellorar a inserción socio-laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social, a través da activación e de itinerarios integrados e personalizados de inserción, e as contías correspondentes ás actuacións do artigo 4.1.c) están subvencionadas nun 80 % polo Feder dentro do programa operativo de Galicia 2014/2020, con encaixe no obxectivo temático 9, promover



a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera forma de discriminación, prioridade de investimento 9.7, investimento en infraestruturas sociais e sanitarias que contribúan ao desenvolvemento nacional, rexional e local e reduzan as desigualdades sanitarias, e o fomento da inclusión social mediante unha mellora do acceso aos servizos sociais, culturais e recreativos e a transición dos servizos institucionais aos servizos locais, obxectivo específico 9.7.1, investimento en infraestrutura social e sanitaria que contribúa ao desenvolvemento nacional, rexional e local, e reduza as desigualdades sanitarias e transición dos servizos institucionais aos servizos locais, actuación CPSO 9.7.1.2, axudas para o investimento en centros de inclusión social e en centros de menores para a adaptación ás necesidades funcionais, categoría de intervención CE055, outra infraestrutura social que contribúa ao desenvolvemento rexional e social, e deberán cumprir as normas establecidas no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, nos regulamentos (UE) nº 1301/2013 e nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo, polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 1081/2006 do Consello e nas normas de subvencionabilidade ditadas pola autoridade de xestión para o período 2014-2020.

Terceiro. O método utilizado para a estimación dos custos será, para aquelas axudas subvencionadas polo FSE, e o de baremos estandar de custos unitarios e, no caso das axudas financiadas polo Feder, será o de custos reais a través da conta xustificativa.

Cuarto. A aceptación da subvención implica a aceptación da inclusión das persoas beneficiarias na lista de operacións que se publicará co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013, así como na Base de datos nacional de subvenciones (BDNS).

Quinto. A recepción deste documento implica aceptar a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións (RDC artigo 125.4.c). A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Anti-fraude (SNCA) nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do SNCA, do 6 de abril, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que



puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea.

Sexto. Dispón de dez (10) días para comunicar a súa aceptación. No caso de non comunicación entenderase tacitamente aceptada en todas as súas condicións.

Sétimo. O pagamento das axudas farase de acordo co establecido no artigo 21 e unha vez xustificada cada anualidade nos prazos e forma previstos no artigo 18 da orde de convocatoria.

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de xeito independente. A primeira comprende as actuacións realizadas entre o 1 de xullo de 2018 e o 30 de novembro de 2018, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 5 de decembro de 2018; a segunda comprende as actuacións realizadas entre o 1 de decembro de 2018 e o 30 de novembro de 2019, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 5 de decembro de 2019; a terceira comprende as actuacións desde o 1 de decembro de 2019 ata o 30 de xuño de 2020, ambos incluídos, e a xustificación presentarse con data límite do 15 de xullo de 2020. No caso de subvencións para a construción, ampliación e mellora de centro en que, de conformidade co artigo 5.3, se adquiran compromisos alén do 30 de xuño de 2020 e antes do 30 de novembro do mesmo ano, a data límite para presentar a xustificación desta anualidade será o 5 de decembro de 2020.

Oitavo. Cando a subvención teña por obxecto o financiamento de actuacións recollidas no artigo 4.1.b) da orde de convocatoria e o importe da axuda sexa inferior ao solicitado, de conformidade co previsto no artigo 25 da lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.5 da orde de convocatoria, a entidade beneficiaria poderá, nun prazo de dez días desde a notificación, reformular a solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención proposta e/ou formule as alegacións que considere pertinentes. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos e que deron lugar ao seu outorgamento. Así mesmo, a dita reformulación non poderá comprometer a viabilidade do programa, polo que se deberán manter os gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

Noveno. En xeral as axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento das obrigas establecidas na orde polo que deberá:

Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concedente. A aceptación da axuda supón a declaración de que o beneficiario ten capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para cumprir as súas condicións (RD artigo 125.3.d).



Manter de forma separada na contabilidade as axudas percibidas. No caso das subvencións financiadas polo FSE Galicia 2014-20, manter unha pista de auditoría suficiente e manter de forma separada na contabilidade o ingreso da axuda percibida.

En todo caso, respecto das axudas cofinanciadas con FSE ou Feder deberán conservar toda a documentación relativa á subvención durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas en que estean incluídos os gastos da operación perante á Comisión Europea. O comezo deste prazo será oportunamente comunicado pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

Os beneficiarios comprométense a asumir a responsabilidade de adoptar as medidas necesarias para facer chegar ao público información sobre as operacións financiadas polo PO Feder/FSE, de acordo co estipulado no artigo 2.2 do anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013. En particular, deberán facer constar, en todo tipo de publicidade e información ás actuacións realizadas, a condición de subvencionados pola Consellería de Política Social, se é o caso, polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014/2020 ou PO FSE Galicia 2014/2020, segundo o establecido no anexo XII do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, o beneficiario deberá recoñecer o apoio recibido ao proxecto debendo figurar o emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea, referencia ao Fondo Feder ou FSE que dá apoio ao proxecto e aos lemas dos fondos. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego informarase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 nun lugar destacado e visible. Tamén se informará na páxina web, no caso de dispoñer dela, sobre a actuación e a axuda financeira recibida da Unión Europea e sobre os obxectivos e resultados da operación financiada. As características técnicas para a exhibición do emblema da Unión e referencia ao Fondo deberán axustarse ao establecido nos artigos 3, 4 e 5 do Regulamento (UE) nº 821/2014 da Comisión, do 28 de xullo de 2014.

Informar, se é o caso, as persoas destinatarias de que as actuacións en que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social) e, se é o caso, cofinanciadas polo Feder e/ou FSE, así como dos obxectivos dos fondos, figurando os emblemas, como mínimo, nos partes de asistencia/participación, enquisas de avaliación ou certificados de asistencia.

Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e proceso de datos de seguimento e acreditación da realización da actividade de persoas beneficiadas ás fórmulas que, se é o caso, propoña a Consellería de Política Social e, se así é requirido, incorporarse como usuarias da aplicación informática deseñada e implantada para a xestión da



Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. Así mesmo, deberán realizar as actuacións precisas para recoller información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de produtividade e resultados enumerados no artigo 5 do Regulamento (UE) nº 1304/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo ao FSE. Os indicadores de produtividade relativos a persoa solicitante refírense á data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do participante coas actuacións subvencionadas, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención. Así mesmo, a Administración poderá requirir novos datos no prazo de seis meses desde que finalice a vinculación do participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento. Para estes efectos, seralles facilitados o acceso á aplicación Participa 1420. Polo que respecta aos indicadores relativos ás axudas ao investimento en centros de inclusión e emerxencia social, realizarase un recuento global da capacidade máxima de persoas para as que está deseñado o centro e no caso de adquisición de equipamento de uso social, farase unha estimación da poboación beneficiaria durante a súa vida útil.

Comunicar as variacións das datas de inicio e remate das actuacións previstas na solicitude, así como os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social, en especial, os relativos á subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei, e certificado en que se indique o número estimado da poboación beneficiada para a actuación no período subvencionado pola orde de convocatoria.

Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social.

Someterse ás actuacións de comprobación e control e facilitar toda a información requirida pola Dirección Xeral de Inclusión Social, e ás verificacións dos organismos implicados na xestión e seguimento do PO FSE Galicia 2014-2020 e Feder, incluídas as visitas sobre o terreo, que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.



Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, xunto cos correspondentes xuros de demora. As irregularidades detectadas no gasto xustificado do beneficiario reducirán a axuda Feder da operación.

Someterse ás actuacións de control e análise de riscos que poida efectuar a autoridade de xestión do programa operativo e, se é o caso, os órganos competentes do organismo intermedio con axuda de ferramentas informáticas específicas da Unión Europea, en particular, a aplicación informática Arachne.

O beneficiario deberá introducir os datos e os documentos de que sexa responsable, así como todas as súas posibles actualizacións, nos sistemas de intercambio electrónico de datos de acordo ás especificacións determinadas na convocatoria de axudas, en cumprimento do artigo 122, número 3, parágrafo primeiro, do Regulamento (UE) nº 1303/2013, e o artigo 10.1 do Regulamento 1011/2014, do 22 de setembro de 2014.

Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

Décimo. As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro desta orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, se é o caso, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, contado a partir da notificación da resolución expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ante o mesmo órgano que as ditou, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a orde xurisdiccional competente, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, no prazo de dous meses, contados desde a súa notificación, se o acto é expreso, ou seis meses a partir do día seguinte a que se produza o acto presunto, e sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren oportuno.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2018

A conselleira de Política Social. P.D. (Artigo 14 da Orde do 13.6.2018; DOG núm. 121, do 25 de xuño). Arturo Parrado Ponte, director xeral de Inclusión Social.







## ANEXO I Axudas concedidas

Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social (artigo 4.1.b) 2º), coa seguinte desagregación:

Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/126	G32383549	Asociación para a Prevención e Educación Social	Proxecto presentes, acompañamento para o emprego	Prioritaria	31		41.500,00	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Preparación graduado ESO-grupo II Cangas	Prioritaria	29		7.117,21	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Preparación graduado ESO-grupo I-Cangas	Prioritaria	29		1.803,68	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Competencias dixitais e persoais para a procura de emprego, Vigo	Prioritaria	30,5		2.437,40	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Competencias dixitais e persoais para a procura de emprego, Ames	Prioritaria	31		2.437,40	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Competencias dixitais para a procura de emprego, Ames	Prioritaria	31		2.437,40	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Preparación Competencias Clave Nivel 2, Vigo	Prioritaria	30,5		4.314,20	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Preparación Competencias Clave Nivel 2, Ribadeo	Prioritaria	31		4.314,20	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Preparación Competencias Clave Básico, Cangas	Prioritaria	29		2.193,66	
BS631A 2018/52	G81454969	Fundación Amigó	Proxecto Convivindo Vigo	Prioritaria	31		33.929,76	
BS631A 2018/52	G81454969	Fundación Amigó	Proxecto Familia Educa	Prioritaria	29		35.934,24	
BS631A 2018/52	G81454969	Fundación Amigó	Proxecto Convivindo en Coruña	Non prioritaria	29		35.934,24	
BS631A 2018/16	R36003681	Cáritas Diocesana de Tui Vigo	Camifando Xuntos	Non prioritaria	23		35.934,24	
BS631A 2018/72	G15210388	Asociación Antonio Noche	Programa Confío	Non prioritaria	35	13.581,41	24.447,47	
BS631A 2018/72	G15210388	Asociación Antonio Noche	Labora social (Sección de inclusión e transición ao emprego)	Non prioritaria	58	4.402,87	41.500,00	





Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Competencias Dixitais TIC-Burela II	Non prioritaria	56,5		1.023,71	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Competencias Clave II (Grupo A)	Non prioritaria	57,5		5.264,78	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Competencias Clave II (Grupo B)-Burela	Non prioritaria	56,5		5.264,78	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Competencias Clave II-Alfoz	Non prioritaria	56,5		5.459,78	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de Competencias Dixitais III-Burela	Non prioritaria	56,5		1.023,71	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de Competencias Dixitais I-Burela	Non prioritaria	57,5		1.023,71	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de Competencias Dixitais III-Mondoñedo	Non prioritaria	56,5		1.072,46	
BS631A 2018/82	G15983570	Asociación Itínera	Proxecto de apoio á inclusión Itínera I	Non prioritaria	23	9.627,73		
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Curso Integral emprego para V.V.X. (Ferrol)	Non prioritaria	39		2.924,88	
BS631A 2018/82	G15983570	Asociación Itínera	Curso de introdución á ofimática para empresa e o comercio electrónico na rede	Non prioritaria	23	3.656,10		
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Alfabetización Dixital-Tomiño	Non prioritaria	42	4.874,80	4.874,80	
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Alfabetización Dixital-A Guarda	Non prioritaria	43	4.874,80	4.874,80	
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Itinerarios Alfabetización Básica A Guarda	Non prioritaria	42	2.507,04	7.730,04	
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Itinerarios Preparación para a ESO O Rosal	Non prioritaria	42		19.499,20	
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Itinerarios mellora economía familiar A Guarda	Non prioritaria	42	2.089,20	2.089,20	
BS631A 2018/112	G36124279	Asociación Érguete	Itinerarios mellora economía familiar Tomiño	Non prioritaria	42	2.089,20	2.089,20	
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Itinerarios de inclusión sociolaboral para vítimas violencia de xénero-Curtis	Non prioritaria	39	6.093,50	20.108,55	
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Itinerarios inclusión sociolaboral para vítimas de violencia de xénero-Betanzos	Non prioritaria	39	4.874,80	16.086,84	
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Curso integral emprego para V.V.X. (Pontevedra)	Non prioritaria	39		2.924,88	



Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Curso integral emprego para V.V.X. (Betanzos)	Non prioritaria	39	2.924,88		
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Itinerarios de inclusión sociolaboral para vítimas violencia de xénero-Pontevedra	Non prioritaria	39	6.093,50	20.108,55	
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Curso integral emprego para V.V.X. (Curtis)	Non prioritaria	39	2.924,88		
BS631A 2018/104	G94088549	Asociación pola Igualdade e a Coeducación	Itinerarios inclusión sociolaboral para vítimas de violencia de xénero-Ferrol	Non prioritaria	39	4.874,80	14.624,40	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de Competencias Dixitais TIC I-Mondoñedo	Non prioritaria	56,5		1.072,46	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de Competencias Dixitais TIC II-Mondoñedo	Non prioritaria	56,5		1.072,46	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral básica	Non prioritaria	36	11.030,98	35.934,24	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral e transición ao emprego	Non prioritaria	56	17.299,71	41.500,00	
BS631A 2018/60	G32359218	Asociación Patoloxía Dual Psíquica Cadabullo	Programa inclusión sociolaboral persoas con patoloxía dual psíquica	Non prioritaria	40	7.479,34	17.967,12	
BS631A 2018/137	G27252279	Asociación Monfortina Apoio os Enfermos Mentais Albores	Inclúete no Emprego	Non prioritaria	38	2.534,90	10.139,58	
BS631A 2018/123	G36164887	Asociación Down Pontevedra Xuntos	Proxecto de inclusión e transición ao emprego	Non prioritaria	32	5.289,16		
BS631A 2018/119	G15052434	Asociación Ámbar (Diversidade Funcional)	Apoio á inclusión sociolaboral da sección de inclusión e transición ao emprego	Non prioritaria	35	1.488,00		
BS631A 2018/115	G70312954	Asociación Mirabal	Itinerarios inclusión sociolaboral con prácticas (Área Betanzos)	Non prioritaria	59		17.061,80	
BS631A 2018/115	G70312954	Asociación Mirabal	Formación dixital a mulleres para o emprego (área Betanzos)	Non prioritaria	59		4.874,80	
BS631A 2018/111	G70040258	Fundación Down Compostela	Adquisición e mellora da competencia dixital para persoas con discapacidade intelectual	Non prioritaria	36		4.777,30	
BS631A 2018/111	G70040258	Fundación Down Compostela	Proxectos de inclusión social e/ou sociolaboral	Non prioritaria	36		12.576,98	



Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/102	G15731466	Asociación Down Coruña	Formación Dixital	Non prioritaria	56	2.949,25	9.871,47	
BS631A 2018/102	G15731466	Asociación Down Coruña	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral	Non prioritaria	56		23.691,53	
BS631A 2018/59	G15116239	Asociación Unidade de Tratamento do Alcol	Competencias Clave Nivel 3	Non prioritaria	22,25	6.142,25		
BS631A 2018/59	G15116239	Asociación Unidade de Tratamento do Alcol	A Coruña	Non prioritaria	22	17.034,22		
BS631A 2018/59	G15116239	Asociación Unidade de Tratamento do Alcol	Competencias Clave Nivel 2	Non prioritaria	22	6.142,25		
BS631A 2018/59	G15116239	Asociación Unidade de Tratamento do Alcol	Competencias Clave	Non prioritaria	22	6.142,25		
BS631A 2018/88	G15545353	Feafes Galicia	Itinerario personalizado apoio inclusión transición emprego persoas sen fogar enf. mental	Non prioritaria	49,12	17.301,82	41.500,00	
BS631A 2018/88	G15545353	Feafes Galicia	Itinerario apoio a inclusión e transición emprego para persoas con enfermidade mental	Non prioritaria	41,12	14.833,32	35.579,08	
BS631A 2018/78	R1500092J	Hermanas Oblatas del Santísimo Redentor (Ferrol)	Itinerarios Abrindo Portas	Non prioritaria	27	12.187,00		
BS631A 2018/76	G36697324	Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down	Avanzado de manexo de TIC encamiñado á inserción laboral dos usuarios en posto traballo específico	Non prioritaria	33	2.827,38		
BS631A 2018/76	G36697324	Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down	Achegamento ás novas tecnoloxías da información e da comunicación 1 e 2	Non prioritaria	33	3.753,60		
BS631A 2018/76	G36697324	Down Vigo: Asociación para el Síndrome de Down	Itinerarios Personalizados de Inclusión	Non prioritaria	35	17.150,15		
BS631A 2018/68	G32115941	Cogami	Servizo de inclusión e transición ao emprego para persoas con discapacidade	Non prioritaria	39	17.299,71	41.500,00	
BS631A 2018/63	G15279219	Comité Cidadán Antisida da Coruña	Competencias Clave	Non prioritaria	37,25	8.701,52	23.106,55	
BS631A 2018/63	G15279219	Comité Cidadán Antisida da Coruña	Formación Dixital	Non prioritaria	37	8.701,52	23.130,93	
BS631A 2018/54	G70223417	Asociación Mulleres con Discapacidade de Galicia	Servizo de inclusión e transición ao emprego para mulleres con discapacidade	Non prioritaria	53	17.378,66	35.951,65	
BS631A 2018/48	G32311870	Asociación Down Ourense	Servizo de apoio á inclusión	Non prioritaria	36	3.704,85	8.896,51	



Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/48	G32311870	Asociación Down Ourense	Inclusión social básica	Non prioritaria	36	1.483,33	3.593,42	
BS631A 2018/47	G27262799	Asociación de Axuda o Enfermo Mental, A Mariña	Proxecto de vida e saúde mental	Non prioritaria	25,5	4.314,20		
BS631A 2018/29	G15476310	Asociación Pro Saúde Mental A Creba	Atención dos servizos de apoio á inclusión	Non prioritaria	23	4.491,78		
BS631A 2018/25	G32249484	Asociación Autismo Ourense	Inclusión social de persoas con TEA	Non prioritaria	25	5.390,14		
BS631A 2018/24	G36627453	Asociación Viguesa de Alcoholoxía	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral	Non prioritaria	37	10.466,89	25.153,97	
BS631A 2018/22	G27198977	Asociación Lucense de Axuda aos Enfermos Mentais Alume	Espertar	Non prioritaria	33	14.979,56		
BS631A 2018/19	G15458060	Asociación Síndrome de Down Teima	Módulo de apoio á inclusión	Non prioritaria	53	6.873,47	14.136,92	
BS631A 2018/19	G15458060	Asociación Síndrome de Down Teima	Módulo de apoio á inclusión. Sección Inclusión	Non prioritaria	33	2.360,80		
BS631A 2018/18	G27202043	Asociación Síndrome de Down de Lugo	Formación dixital	Non prioritaria	46	828,72	2.242,41	
BS631A 2018/18	G27202043	Asociación Síndrome de Down de Lugo	Servizo de apoio inclusión sociolaboral	Non prioritaria	54	5.679,14	13.625,07	
BS631A 2018/15	G32106429	Asociación Ourenzana de Ayuda al Toxicómano	Proxecto internos CP Pereiro	Non prioritaria	44	14.979,56	35.934,24	
BS631A 2018/15	G32106429	Asociación Ourenzana de Ayuda al Toxicómano	Proxecto inclusión	Non prioritaria	39	14.979,56	35.934,24	
BS631A 2018/9	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Formación dixital	Non prioritaria	38	0,00	1.023,71	
BS631A 2018/9	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Formación dixital	Non prioritaria	38	1.023,71	1.023,71	
BS631A 2018/9	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Formación Competencias Clave	Non prioritaria	38		5.849,76	
BS631A 2018/9	G36861078	Fundación Érguete-Integración	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral	Non prioritaria	38	17.299,71	41.500,00	





ANEXO II

Atención dirixida a fomentar a inclusión social e o acceso e permanencia no mercado de traballo da poboación inmigrante (artigo 4.1.b) 3º), coa seguinte desagregación:

Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/72	G15210388	Asociación Antonio Noche	Conectadas. Formación dixital II	Prioritaria	35		6.093,50	
BS631A 2018/72	G15210388	Asociación Antonio Noche	Boabab: participación social Alfabetización Lingua Española II	Prioritaria	33		4.874,80	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Alfabetización dixital e lingüística en castelán III	Prioritaria	42		5.118,54	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Alfabetización dixital e lingüística en castelán I	Prioritaria	42		6.702,85	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Economía doméstica e competencia clave matemática III	Prioritaria	42		5.118,54	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Economía doméstica e competencia clave matemática	Prioritaria	42		6.702,85	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Alfabetización dixital e lingüística en galego I	Prioritaria	42		7.312,20	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Lingua e cultura castelán II	Prioritaria	42		7.312,20	
BS631A 2018/116	G36617082	Asociación Valladares	Informática de xestión	Prioritaria	42		7.312,20	
BS631A 2018/56	G94056215	Asociación Filantrópica Boa Vida	Proxecto Inmigrantes Acollemos IV	Prioritaria	35		511,85	
BS631A 2018/56	G94056215	Asociación Filantrópica Boa Vida	Proxecto Inmigrantes Acollemos II	Prioritaria	35		511,85	
BS631A 2018/56	G94056215	Asociación Filantrópica Boa Vida	Proxecto Inmigrantes Acollemos III	Prioritaria	37		511,85	
BS631A 2018/138	G70377585	Valoresc	Asesoramento técnico especializado no ámbito normativo en materia de estranxería	Prioritaria	33		35.934,24	





Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/8	G15775901	Alar Galicia	Alfabetización e competencia oral. Nivel medio	Prioritaria	41		1.218,70	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de formación lingüística grupo B-Mondoñedo	Prioritaria	37,5		5.264,78	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de formación lingüística grupo A-Mondoñedo	Prioritaria	37,5		5.264,78	
BS631A 2018/12	G27441153	Asociación Mujeres en Igualdad de Burela (Bumei)	Curso de formación lingüística-Burela	Prioritaria	38		5.264,78	
BS631A 2018/138	G70377585	Valoresc	Participación Social-Preparación Celga 1 e 2 (II)	Prioritaria	34		4.265,45	
BS631A 2018/138	G70377585	Valoresc	Participación Social-Preparación DELE e CCSE 2	Prioritaria	34		7.019,71	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Malala. Asesoramento técnico especializado	Prioritaria	41		35.934,24	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Competencias Clave xente nova en situación de abandono educativo temperán Bross 2019-20	Prioritaria	40		4.582,31	
BS631A 2018/131	G32012742	Confederación Empresarial de Ourense	Participación Social-Preparación Celga 1 e 2 (II)	Prioritaria	42		1.706,18	
BS631A 2018/131	G32012742	Confederación Empresarial de Ourense	Participación Social-Preparación DELE e CCSE 2	Prioritaria	42		4.192,33	
BS631A 2018/129	V09409749	Acción Laboral (programas de inclusión laboral)	Competencias Clave: aprender: o proceso de aprendizaxe	Prioritaria	42,5		7.312,20	2.437,40
BS631A 2018/129	V09409749	Acción Laboral (programas de inclusión laboral)	Formación Dixital	Prioritaria	42,5		14.624,40	5.028,55



Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/129	V09409749	Acción Laboral (programas de inclusión laboral)	Formación en Competencias Clave: conciencia e expresións culturais	Prioritaria	43		4.874,80	
BS631A 2018/129	V09409749	Acción Laboral (programas de inclusión laboral)	Formación en Competencias Clave: competencias sociais e cívicas	Prioritaria	42,5		4.874,80	4.874,80
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Curso de introdución á sociedade de acollida (2ª anualidade)	Prioritaria	40		3.656,10	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Formación sobre a sociedade de acollida (1ª quenda)	Prioritaria	40		1.023,71	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Curso de introdución á sociedade de acollida	Prioritaria	40		2.632,39	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Competencias Clave 2019-2020	Prioritaria	40		1.121,20	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Competencias Clave xente nova en situación de abandono educativo temperán Bross 2018-19	Prioritaria	40		8.579,65	
BS631A 2018/114	G27783950	Asociación Diversidades	Competencias Clave 2018-2019	Prioritaria	40		2.534,90	
BS631A 2018/96	G15354483	Asociación Ecos do Sur	Formación en Competencias Orais. Linguas oficiais de Galicia (parte 2) Castelán, Nivel A2	Prioritaria	38		3.704,85	
BS631A 2018/96	G15354483	Asociación Ecos do Sur	Formación en alfabetización. Linguas oficiais de Galicia (parte 1) Castelán, Nivel A2	Prioritaria	38		3.704,85	
BS631A 2018/26	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Itinerarios personalizados de inserción dirixidos a persoas inmigrantes-Pontevedra	Prioritaria	42		17.967,12	
BS631A 2018/87	G15651508	Asociación SOS Racismo Galicia	Competencias Clave Nivel 2 Cálculo e Lingua Inglesa terceira edición	Prioritaria	37		2.047,42	





Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/87	G15651508	Asociación SOS Racismo Galicia	Cofecementos constitucionais, sociais e culturais de España terceira edición	Prioritaria	40		487,48	
BS631A 2018/87	G15651508	Asociación SOS Racismo Galicia	Cofecementos constitucionais, sociais e culturais de España segunda edición	Prioritaria	40		487,48	
BS631A 2018/87	G15651508	Asociación SOS Racismo Galicia	Competencias Clave N2 Cálculo e Linguas da sociedade de acollida segunda edición	Prioritaria	37		3.412,36	
BS631A 2018/87	G15651508	Asociación SOS Racismo Galicia	Competencias Clave N2 Cálculo e Lingua Inglesa segunda edición	Prioritaria	37		2.399,90	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Lingua e Cultura Galega e Castelá para estranxeiros, Ordes	Prioritaria	40		1.706,18	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Lingua Galega I para estranxeiros, Celanova	Prioritaria	40		1.706,18	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Lingua e Cultura Galega e Castelá para estranxeiros, Cangas	Prioritaria	37		1.706,18	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Alfabetización funcional para persoas inmigrantes, Vilagarcía de Arousa	Prioritaria	38,5		2.193,66	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Competencias básicas dixitais para a procura do emprego dirixido a inmigrantes-Cangas	Prioritaria	39		1.462,44	
BS631A 2018/106	G35103431	Radio ECCA. Fundación Canaria	Competencias básicas dixitais para a procura do emprego dirixido a inmigrantes-Sarria	Prioritaria	40		1.462,44	
BS631A 2018/122	Q2866001G	Cruz Roja Española	Atención para o fomento do acceso e permanencia no mercado de traballo	Prioritaria	39		41.500,00	
BS631A 2018/56	G94056215	Asociación Filantrópica Boa Vida	Proxecto Itínere Inmigrantes Emprego	Prioritaria	39		14.673,15	
BS631A 2018/56	G94056215	Asociación Filantrópica Boa Vida	Proxecto Inmigrantes Mediamos	Prioritaria	39		21.762,00	





Expediente	NIF	Entidade	Actuación	Prioridade	Puntos	Concedido 2018 (€)	Concedido 2019 (€)	Concedido 2020 (€)
BS631A 2018/38	G70390745	Asociación Centinelas	Formación probas da educación secundaria para persoas adultas	Prioritaria	38		2.632,39	
BS631A 2018/38	G70390745	Asociación Centinelas	Formación probas da nacionalidade española e integración social	Prioritaria	38		5.557,27	
BS631A 2018/35	G32237869	Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense	Traspasando Fronteiras: coñecemento dos valores e características sociedade galega e española	Prioritaria	45		1.462,44	
BS631A 2018/26	G15859911	Fundación Amigos de Galicia	Itinerarios personalizados de inserción dirixidos a persoas inmigrantes-Ourense	Prioritaria	42		35.934,24	8.985,64
BS631A 2018/93	G32122376	Asociación Centro de Desenvolvemento Rural O Viso	Limuhe-Cultura e valores	Prioritaria	38,5		1.949,92	
BS631A 2018/93	G32122376	Asociación Centro de Desenvolvemento Rural O Viso	Alfabetización e competencia oral en Galego-Español para mulleres migrantes	Prioritaria	41,5		3.509,86	
BS631A 2018/66	R1500294B	Cáritas Diocesana de Mondoñedo-Ferrol	Asesoramento técnico especializado no ámbito normativo materia estranxeiría	Prioritaria	41		32.090,11	
BS631A 2018/16	R3600368I	Cáritas Diocesana de Tui Vigo	Alierce	Prioritaria	38		35.934,24	
BS631A 2018/71	G15752660	Fundación Ronsel	Servizo de apoio á inclusión sociolaboral con servizo complementario xurídico	Prioritaria	43		18.477,63	
BS631A 2018/63	G15279219	Comité Cidadán Antisida da Coruña	Competencia oral nas linguas oficiais de Galicia e formación en valores galegos	Prioritaria	40		19.816,06	
BS631A 2018/1	G32008765	Asociación de Empresarios Polígono San Cibrao	Acompaña IV	Prioritaria	31		13.430,07	

